

**PLAN DE CONVIVENCIA
CEIP PRAZA BARCELOS
2020/21**

INDICE

1. Xustificación.....	3
2. Características do centro.....	3
3. Situación actual.....	3
4. Modelo de relación que queremos establecer.....	4
5. Obxectivos para lograr implicar a todos os membros da comunidade educativa.....	5
6. Procedementos de actuacións orientados a prevención de conflitos e a consecución dun adecuado clima no centro.....	6
7. Observatorio da convivencia.....	7
8. Dereitos e deberes das nais e pais.....	8
9. Dereitos e deberes do alumnado.....	9
10. Dereitos e deberes do profesorado.....	10
11. Dereitos e deberes do persoal non docente.....	11
12. Normas básicas de convivencia.....	13
13. Conductas contrarias a convivencia.....	14
14. Medidas correctoras.....	16
15. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de conductas prexudiciais para a convivencia.....	19
16. Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.....	21
17. Resumo das conductas que se pretenden conseguir.....	23
18. Avaliación do plan de convivencia.....	24
19. Cuestionarios.....	24
20. ANEXOS: Protocolo de actuación acoso escolar.....	25

PLAN DE CONVIVENCIA

1. XUSTIFICACIÓN

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Estamos ante unha demanda cada vez máis frecuente na comunidade escolar. Non se pode limitar a convivencia escolar á xestión dos conflitos e á violencia escolar.

O PC ten que recoller actuacións tendentes a prevención e actuacións para a intervención en caso de conflito. Os alumnos dende o principio deben recibir instrucción sobre valores, tolerancia, respecto mutuo, actitudes, comportamentos e estilos de vida.

A elaboración do PC esixe reflexionar sobre a situación no noso centro e da percepción que teñen do centro os diferentes compoñentes da comunidade escolar.

A elaboración definitiva do Plan de Convivencia, corresponde ao Equipo Directivo, coa colaboración do D. de Orientación e logo da escoita e a recollida das achegas do Claustro e Consello

2.-CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

É un centro formado por 5 unidades de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria, situado no centro da cidade de Pontevedra. O nivel socio-económico e cultural é moi diverso, tendo gran afluencia de inmigrantes e recibindo alumnado procedente do centro de día de Príncipe Felipe. Temos tamén algunhas familias usuarias dos S.Sociais.

A orixe dos problemas co alumnado é moi variada. Algúns veñen dados por alumnado con baixa motivación cara a aprendizaxe, outros porque non están completamente integrados por un escaso coñecemento da lingua, ou por hábitos sociais inadecuados, por déficits de aprendizaxe, ou por proceder de entornos non favorecedores.

3.-SITUACIÓN ACTUAL

A día de hoxe, os principais problemas de convivencia no centro que poden presentar os nosos alumnos son:

- a) Comportamentos de evitación e pasividade diante de situacións de ensino-aprendizaxe que son o fruto da desvinculación escolar dos alumnos: non trae-lo material, non participar nas tarefas, absentismo...
- b) Conductas de trato inadecuado: faltas de respecto as normas aínda que sen ter unha clara intención de molestar.
- c) Conductas disruptivas que sen ser agresivas, interrompen.
- d) Faltas de puntualidade que interrompen o desenvolvemento das clases.
- e) Moi puntualmente, absentismo e comportamentos inadecuados entre o alumnado como: insultos, ameazas, rexeitamento, illamento, , non respectar o material dos demais, pintar os mesas, as portas, estragar o material...
- f) Situacións de incomodidade e tensión inducidas polo uso das máscaras e a mobilidade reducida a causa da Covid.

4.-MODELO DE RELACIÓNQUE QUEREMOS ESTABLECER

Unha boa convivencia debe asentarse nas bases dunha adecuada oportunidade de aprendizaxe que propicien a integración escolar de todo o alumnado.

O plan de convivencia ten que contribuir a lograr unha aprendizaxe e desenvolvemento integral dos alumnos e para que a comunidade educativa en xeral, aprenda a resolver os seus problemas de xeito pacífico nun entorno afectivo e seguro.

O estilo educativo non debe ser sobreprotector, nin sancionador, senon asertivo:

- Precisa unha boa dose de esforzo por parte do profesor.
- O profesor eloxiará tanto o esforzo coma os logros.
- Sancionara con firmeza e regularidade as conductas inaceptables.
- Ignorará na medida do posible o comportamento inadecuado.

- Non poden ser ignorados: agresións graves, insultos, linguaxe sexista, etc.
- Non fará comentarios referíndose a episodios anteriores.
- Se hai sanción deberá ser consecuencia natural da conducta presentada, de ahí a necesidade de que o alumnado ten que coñecer as conductas que se esperan del e as consecuencias que o non desenvolvemento desas conductas trae consigo.
- Utilizar sempre un ton de voz medio e unha postura relaxada. (aínda que sexa difícil).
- Non esquecer a importancia do modelo do profesor.

5.-OBXECTIVOS PARA LOGRAR IMPLICAR A TODOSOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- a) Crear un clima de convivencia partindo da intervención no currículo, coordinación do profesorado e colaboración dos pais.
- b) Favorecer que os alumnos aprendan e practiquen valores, actitudes e comportamentos.
- c) Facer prevención e posibilitar a resolución de conflitos e a intervención eficaz nos problemas de convivencia escolar.
- d) Clarificar, difundir e concretar na práctica o modelo de convivencia que se quere establecer no Centro.
- e) Prestar especial atención a mellorar a calidade do ensino; favorece-la aprendizaxe e integración escolar de todo o alumnado.
- f) Mellorar as competencias lecto-escritoras e outras habilidades de comunicación especialmente en alumnos que presentan comportamentos inadecuados.
- g) Mellorar os sistemas de seguemento académico e social dos alumnos.
- h) Mellorar as formas de relacionarse cos pais.

As adaptacións do curriculum, apoios, programas de reforzo e outras medidas para lograr o éxito dos alumnos nas aprendizaxes, son tamén medidas de mellora da convivencia.

6.- PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E Á CONSECUCCIÓN DUN ADECUADO CLIMA NO CENTRO.

Medidas para favorecer o éxito escolar:

- a) Coñecemento do alumnado (actividades PAT).
- b) Análise e mellora da metodoloxía.
- c) Mellorar a atención á diversidade: por unha escola inclusiva, apoios, desdobles, Acis,....
- d) Mellorar a xestión da aula polo profesor: establecemento de rutinas...

A disciplina escolar non pode ser somentes normativa, o alumnado ten que participar, aprender a ser capaz de solucionar problemas sen necesidade de recibir sancións.

Hai que establecer procedementos de resolución de conflitos consensuados polo profesorado e co alumnado.

Aclarar de xeito xeral como actuar diante de situacións de conflito: trato inadecuado, interrupcións.

Establecer un marco pactado de normas e procedementos se non se cumpren: elaborar un listado de normas de comportamento adecuado e discutilo co alumnado.

O profesorado:

- a) Evitará os prexuízos e etiquetado dos alumnos.
- b) Unha vez acordadas as normas básicas de funcionamento: puntualidade, facer as tarefas, modais, etc., establecer as rutinas e familiarizar ao alumnado con esas rutinas.
- c) Aclarar obxectivos, a forma de traballo e esixencias de avaliación para superar a asignatura.

- d) Non reaccionar a todos os incidentes que provoquen os alumnos, xa que sería unha resposta as contínuas chamadas de atención.
- e) Utilizar unha supervisión silenciosa: un acercamento, unha mirada, pasear por entre as mesas...
- f) Realizar actividades: dramatización dunha situación conflictiva, discusión da solución ao conflito.
- g) Elevación das expectativas sobre o comportamento e rendemento dos alumnos.
- h) Trasmitir ao alumnado con claridade, demostrarlles que se lles aprecia.
- i) Propiciar un entorno agradable, unha aula limpa, ben coidada, ordenada.
- j) Evitar o sarcasmo.
- k) Nos problemas graves de conducta, solicitar a colaboración do D. de Orientación.
- l) Ante conductas disruptivas manter a calma, apoiarse nas normas, nos dereitos dos demais, quedar co alumnado para falar fóra da aula, ofrecerlle alternativas para resolver o problema.

7.-OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

O Observatorio da Convivencia Escolar, tal e como se recolle no Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG de 8 de maio), constituirase no seo do Consello Escolar nos centros educativos sostidos con fondos públicos e estará integrado por membros do mesmo; tendendo a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propoñer e, se é o caso, desenvolver estratexias que se deben adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcionará en pleno, celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado

pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Entre as funcións do Observatorio da Convivencia Escolar de centro están:

- a) Dinamizar o PC.
- b) Elaborar un informe anual de análise da convivencia.
- c) Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- d) Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- e) Propoñerlle á administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
- f) Aqueloutras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poden encomendar.

8.- DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS

8.1.- DEREITOS DE PAIS E NAIS.

- a) Deben ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) Deberán ser informados sobre o progreso e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas.
- c) Estarán informados sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
- d) Teñen dereito a ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias a convivencia, por parte dos seus fillos.

Participaran no proceso educativo a través das consultas, e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa.

8.2.- DEBERES DAS NAIS E PAIS.

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo do seu fillo, en colaboración co profesorado.
- b) Coñecer, respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co centro docente na corrección das condutas contrarias as normas de convivencia dos seus fillos e fillas.

9.-DEREITOSEDEBERESDOALUMNADO

9.1.- DEREITOS DO ALUMNADO

- a) Recibir unha educación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) Que se respete a súa identidade, integridade e dignidade persoal.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular, contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.

9.2 DEBERES DO ALUMNADO

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súa competencia, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

- c) Respeitar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respeitar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia no centro.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

10.-DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

10.1 DEREITOS DO PROFESORADO

- a) Dereito a ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) A protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xullo de convivencia e participación da comunidade educativa.

g) A acceder a formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

10.2 DEBERES DO PROFESORADO

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndolas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias a convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás familias e ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro.

e) Informar aos responsables do centro docente, e se é preciso, á administración educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

11.-DEREITOSEDEBERESDOPERSOAL NONDOCENTE

11.1 DEREITOS DO PERSOAL NON DOCENTE

- a) Dereito a ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) Dereito a desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.

11.2 DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, a administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- e) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

12.-NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA

- a) É imprescindible o respecto polo que nos rodea, compañeiros, compañeiras, adultos, material..., polo tanto quedan descartadas as agresións, as ameazas, ou as coaccións contra os membros da comunidade educativa.
- b) Xerar un ambiente educativo sen presenza de discriminacións de ningún tipo.
- c) Non se permitirá ningún acto xa sexa individual ou colectivo de desafío a autoridade do profesorado ou persoal non docente.
- d) Non se permitirá no centro a utilización de teléfonos móbiles, ou similares que poidan atentar contra a intimidade, dignidade e a propia imaxe dos membros da comunidade escolar.
- e) Evitaranse todas as actuacións que poidan poñer de manifesto acoso escolar.
- f) Respetar e coidar o material do centro.
- g) Amosarémonos como auténticos cidadáns dun mundo civilizado.
- h) Manter un bo aspecto do centro.
- i) Puntualidade nas entradas e saídas das aulas.
- j) Responsabilidade, atención as explicacións e remate das tarefas que se indiquen, mantendo unha boa actitude.
- k) Evitar o absentismo.
- l) Dirixirse aos compañeiros/as, mestres/as, e persoal non docente con respecto e educación.
- m) Axudarse mutuamente.
- n) Vestir de xeito correcto e decoroso.

13.-CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

13.1 CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

- a) As agresións físicas ou psíquicas, inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación de calquera tipo e graves contra os membros da comunidade educativa.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado ou ao personal non docente.
- d) A gravación, manipulación e a difusión de información e imaxes que atenten contra os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- i) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Será indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos, substancia ou produtos, cando así o requira o profesorado.
- j) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias a convivencia.
- k) O incumprimento das sancións impostas.

13.2 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais do centro, os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, e as actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, todos eles cando non alcancen a gravidade requirida nos casos de condutas graves.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro, por ser perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento do centro, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

c) A inasistencia inxustificada, e as faltas reiteradas de puntualidade.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

13.3 PRESCRIPCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

a) As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas como graves prescriben aos 4 meses da súa comisión e as condutas leves contrarias a convivencia, ao mes.

b) O prazo de prescripción comenará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese.

c) No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescripción para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

14.-MEDIDAS CORRECTORAS

14.1 PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS

1.- As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2.- Aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado

c) A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conducta do alumnado e deberá contribuir á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras/es ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

14.2 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.

a) Como complemento das medidas correctoras o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para o alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

b) Estes programas aplicaranse en colaboración co profesor titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias para logar conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

c) Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

14.3 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

14.4 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

a) Amonestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos.

c) Realizacións de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

14.5 GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración das condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno/a, por razón de idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

14.6 PRESCRICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves prescriben aos catro meses da súa imposición.

15. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

15.1 PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

a) As medidas correctoras de conductas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste plan.

b) Corresponde acordar a incoación do procedemento á dirección do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou do titor/a do alumno/a ou do xefe de estudos ou logo dunha denuncia doutros membros da comunidade educativa.

c) A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa intrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

d) No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento o director do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instructor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno.

e) Finalizada a instrucción do procedemento, a persoa instructora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e á nai ou pai ou titora ou titor, convocándose a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

f) Realizado o trámite de audiencia, o director do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

g) A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

h) A resolución do director/a do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución do director/a do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no praxo de dez días lectivos nos termos previstos na línea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

15.2 PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

A imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia será levada a cabo por:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe/a de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do apartado 14.4 deste plan.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe/a de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) c) e d) do apartado 14.4 deste plan.

c) O xefe/a de estudos ou o director/a do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do apartado 14.4 deste plan.

d) O director/a do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do apartado 3.9 E) deste plan. A imposición destas medidas correctoras comunicaranse á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio de Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que imponen as medidas correctoras ás que se refire este apartado poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

15.3 RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado nos procedementos disciplinarios regulados neste apartado son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou tutela.

16.- PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

A) ACOSO ESCOLAR

Para os efectos deste plan, considerarase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

B) PROTECCIÓN ESCOLAR DAS VÍTIMAS.

1.- A dirección do centro así como a administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2.- A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

C) MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

1.- PREVENCIÓN

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

2.- DETECCIÓN E TRATAMENTO

a) Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación de acoso escolar.

b) O equipo directivo, co asesoramento da persoa responsable o equipo de orientación e o titor/a do alumno/a afectado/a, efectuará unha primeira valoración acerca da existencia ou non dun caso de acoso escolar, así como o inicio das actuacións que correspondan según a valoración realizada. Confirmada a situación se comunicará á familia do alumno/a. Todas estas e posteriores actuacións quedarán recollidas nun informe depositado na xefatura de estudos.

c) Designarase por parte do director/a do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal propio do centro, procurando, cando sexa posible, que a desingación recaia sobre unha persoa coa que vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso axuda eterna, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola administración educativa.

e) Seguirase o procedemento para a imposición de medidas corretoras de condutas gravemente prexidiciais descrito no punto 15.1 deste plan.

f) As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

17.- RESUMO DAS CONDUCTAS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR.

- a) SER PUNTUAIS NAS ENTRADAS E SAÍDAS.
- b) MANTER UN ORDEN DENTRO DA CLASE.
- c) SER RESPECTUOSO CON COMPAÑEIROS/AS, MESTRES/AS E DEMÁIS PERSOAL.
- d) RESPONDER CORRECTAMENTE.
- e) NON UTILIZAR VOCABULARIO SOEZ.
- f) LEVANTAR A MAN PARA FALAR E PEDIR AXUDA AO MESTRE/A.
- g) NON FACER RUÍDOS DURANTE A CLASE QUE POIDAN MOLESTAR AOS COMPAÑEIROS/AS OU AO MESTRE/A.
- h) ATENDER ÁS EXPLICACIÓNS.
- i) REMATAR AS TAREFAS SINALADAS.
- j) RESPECTAR A QUENDA, LEVANTAR A MAN.
- k) PREGUNTAR CANDO ALGO NON SE ENTENDE.
- l) NON MASCAR CHICLE NIN COMER NAS AULAS.
- m) DURANTE O RECREO XOGAR OU PASEAR SEN MOLESTAR A NINGUÉN.
- n) AXUDAR AOS COMPAÑEIROS/AS.
- ñ) COLABORAR NO MANTEMENTO DUN BO ASPECTO DO CENTRO.
- o) FACER AS SAÍDAS, ENTRADAS, E CAMBIOS DE CLASE EN ORDEN E SEN RUÍDOS

18.-AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A avaliación do Plan de Convivencia será efectuado anualmente e por sectores:

- a) Avaliación do alumnado.
- b) Avaliación do profesorado.

c) Avaliación das familias.

19.CUESTIONARIOS

Os cuestionarios recollen unha serie de indicadores que se deben cumprimentar de acordo coa seguinte escala:

1= nada/nulo/moi deficiente/moi malo

2= pouco/algo/ deficiente/ malo

3= adecuado / suficiente / bo

4= moito / satisfactorio / moi bo

CUESTIONARIO A: CONVIVENCIA ENTRE O ALUMNADO (CLAUSTRO, ALUMNOS)

- a) Existe unha actitude de respecto mutuo entre o alumnado.
- b) Entre o alumnado existe unha actitude de colaboración no traballo en grupo.
- c) O alumnado coñece as normas de convivencia.
- d) O alumnado respecta as normas de convivencia.

CUESTIONARIO B: CONVIVENCIA ENTRE PROFESORADO (CLAUSTRO)

- a) Existe unha actitude de respecto mutuo entre o profesorado.
- b) O profesorado traballa coordinadamente en equipo.
- c) Na toma de decisións búscase habitualmente o consenso.

CUESTIONARIO C : CONVIVENCIA ENTRE PROFESORADO E ALUMNADO (CLAUSTRO, ALUMNADO)

- a) Existe unha actitude de respecto mutuo entre alumnado e profesorado.
- b) O alumnado ten interés polas actividades que se organizan no centro.
- c) O alumnado está satisfeito coa actitude do profesorado en xeral.
- d) O profesorado está satisfeito coa actitude do alumnado en xeral.

CUESTIONARIO D: CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS

- a) Existe boa actitude na relación entre profesorado e familias.

- b) O nivel de convivencia existente no centro é satisfactorio.
- c) Considera que se respectan adecuadamente as normas do centro.
- d) No centro respéctanse os dereitos do alumnado e as súas familias.
- e) É tida en conta a opinión das familias á hora de tomar acordos e resolver conflitos que afectan á convivencia escolar.
- f) A información que proporciona o centro ás familias sobre asuntos relacionados coa convivencia escolar é adecuada e fluida.

ANEXOS

Anexo 1 : **INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOS ESCOLAR**

CENTRO	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

ORIXE DA INFORMACIÓN

Profesor/a do grupo	
Outro/a profesor/a	
Titor/a	
Orientador/a	
Persoal non docente	
Agredido/a	
Observador/a	
Familiar da persoa agredida	
Outro pai/nai	
Servizos médicos	
Asistencia social	
Outros (.....)	

PERSOA ACOSADA

NOME	
CURSO	
GRUPO	

FEITOS OCURRIDOS

DESCRIPCIÓN DOS FEITOS	MEDIDAS EN CURSO

Anexo 2 : **INDICADORES FAMILIARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO**

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO	

CONDUTAS que se manteñen mais de dúas semanas		SEMPRE	AS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nas súas relacións persoais (novos amigos) fora do centro		
	Busca a compañía de persoas adultas		
	Cambia as rutas para dirixirse a casa ou ao colexio		
	Prefire estar so/a		
	Abandona actividades que antes lle gustaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou seu colexio		
	Prefire quedar na casa que saír		
ESTADOS DE ANIMO	Estado de ansiedade		
	Desconfianza nos demais		
	Desinterese		
	Tendencia a tristeza e a chorar con facilidade		
	Nerviosismo repentino		
	Cambios nas rutinas relacionadas co sono		
	Perda de apetito/Cambios nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas: vómitos,dores...		
	Desconfianza en si mesmo		
	Actuacións agresivas: malas contestacións, agresividades cos irmás..		
	Actitudes negativa hacia as tarefas escolares		
	Baixa a calidade dos seus traballos		
	Desaparécelle pertenzas escolares ou persoais		

OUTRAS ACTITUDES	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Pide cartos mais do habitual		
	Deixa de recibir visitas, chamadas.. dos amigos/as		
	Nerviosismo cando se vai a saír da casa		
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móbil...		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		
	Desinterese en actividades que antes lle interesaban		
	Non quere falar das súas relacións		
	No colexio ven moi canso		
	Permanece coa vista perdida		
	Na súa roupa aparecen manchas, cortes, destrozados non xustificados		
	Maratóns no corpo, cara...		

Anexo3 : **INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO**

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO	

CONDUTAS que se manteñen mais de dúas semanas		SEMPRE	AS VECES
RELACIONES SOCIAIS	Cambios nas súas relacións persoais (novos compañeiros non habituais) no do centro		
	Busca a compañía de persoas adultas (no patio, corredores ou na saída)		
	Cambios nos tempos de chegada ao colexio e nas saídas		
	Prefire estar so/a		

	Abandona actividades que antes lle gustaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Desconfianza nos demais		
	preocupación		
	Desinterese		
	Tendencia a tristeza e a chorar con facilidade		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación nas tarefas		
	Dificultades e comunicación nas relacións co grupo		
	Disminución da autonomía persoal		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas: vómitos, dores...		
	Desconfianza en si mesmo		
	Actuacións agresivas: malas contestacións		
OUTRAS ACTITUDES	Actitudes negativa hacia as tarefas escolares		
	Baixa a calidade dos seus traballos		
	Desaparécelle pertenzas escolares ou persoais		
	Prefire traballar so/a		
	Baixa no seu rendemento escolar, por debaixo do acostumado		
	Diminución da autoestima		
	Ponlle alcumes que non lle gustan		
	Cando fala o resto ríese del/dela		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		
	Desinterese en actividades que antes lle interesaban		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		
	Actitude pasiva en xeral: tenta pasar desapercibido/a		
	Permanece coa vista perdida		

	Na súa roupa aparecen manchas, cortes, destrozos non xustificados		
	Maratóns no corpo, cara...		
	Dificultade de concentración nas tarefas		
	Non se presenta para realizar actividades voluntario/a		
	O grupo aplaude cando o adulto recrimina ao neno/a		

Anexo 4 : **MODELO DE INFORME DE ACOSO ESCOLAR**

DATOS DO CENTRO

CENTRO	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
TITOR/A	

DATOS DOS/AS IMPLICADOS/AS

a) **PRESUNTA VÍCTIMA**

NOME E APELIDOS	
CURSO	
GRUPO	

b) **PRESUNTO/S ACOSADOR/ES**

NOME E APELIDOS	
CURSO	
GRUPO	

c) **TESTEMUÑAS**

ALUMNO/S (especificar nomes e curso)	
PROFESORADO	
PERSOAL NON DOCENTE	
OUTRAS PERSOAS (especificar nomes e relación co centro)	

DATOS SOBRE OS SUCESOS OCORRIDOS

1) **LUGAR, DATAS, FRECUENCIA**

LUGAR	DATA	SUCEDE CON FRECUENCIA
-------	------	-----------------------

		SI/NON
Na clase do grupo		
Patio		
Noutra clase (Especificar)		
Ximnasio		
Corredores		
Comedor		
Autobús		
Acesos ao colexio		
Fora do centro		
Outros (especificar)		

OBSERVACIÓNS:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

2)TIPO DE ACOSO

TIPO	ACCIÓNS	REPETICIÓN			
		1	2	3	4
VERBAL	Alcumes				
	Insultos				
	Provocacións				
	Desprestixio (comentarios en relación co aspecto físico, raza,relixión, costumes, gustos..)				
	Ridiculización pública				
	Linguaxe non verbal despectivo				
	Comentarios sexistas ou xenófobos				
	Outros: (sinalar)				
FÍSICO	Incomodar (descoloca as cousas,empuxóns suaves, tirarlle da roupa..)				
	Agochar as súas cousas				
	Intimidación (ameazas de violencia física, amago de pegarlle..)				

	Agresións leves				
	Golpes illados				
	Tundas				
	Extorsión (facer as cousas doutros, traer cartos a outros...)				
	Outros (sinalar cales)				
SOCIAL	Non dirixirlle a palabra				
	Buscar o seu illamento no grupo e no centro				
	Difundir informacións falsas sobre a persoa				
	Humillacións				
	Ridiculizacións das súas opinións. Gustos, aspecto..na súa presenza ou na ausencia				
	Comentarios negativos sobre o grupo ao que pertence(sxo, raza, relixión,..)				
	Outros (sinalar cales)				
MEDIOS TÉCNICOS	Mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas				
	Correo electrónico ofensivo, intimidatorio ou non desexado				
	Utilización da súa imaxe sen permiso				
	Utilización da súa imaxe modificada para ridiculizar				
OUTROS					
Observacións (Información relevante non incluída, consecuencias observadas na vítima, accións xa en marcha, posibles accións a curto prazo, conclusións...)					

A dirección do centro